



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Os Dereitos Fundamentais nas Organizacións Empresariais	Código	612943303	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuadrimestre	Primeiro	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Dereito PrivadoDereito PúblicoEconomíaEmpresa			
Coordinación	Varela Candamio, Laura	Correo electrónico	laura.varela.candamio@udc.es	
Profesorado	Rey García, Marta	Correo electrónico	marta.reyg@udc.es	
Web	http://www.dereito.udc.es/mestrado-universitario-en-asesoramento-xuridico-empresarial-maxe/			
Descrición xeral	Neste módulo analizaránse os aspectos básicos do asesoramiento xurídico empresarial, aspectos de carácter mercantil, administrativo, fiscal e laboral, entre outros. As sesións docentes sobre os diferentes temas que requiran presencialidade se complementarán coas actividades non presenciais que, dado o carácter semipresencial do MAXE, os alumnos deberán realizar previo encargo do profesorado.			



<p>Plan de continxencia</p>	<p>1. Modificacións nos contidos</p> <p>Non se realizarán cambios</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <p>? Lecturas</p> <p>A atención personalizada realizarase de forma virtual, preferiblemente a través de Teams.</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican</p> <p>? Sesión maxistral (realizarase de forma virtual, preferiblemente a través de Teams)</p> <p>? Traballos tutelados (con Atención personalizada) (computa na avaliación): incorpórase como única metodoloxía obxecto de avaliación continua (100% da nota final). Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do ?cómo facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor. En concreto, realizaranse traballos individuais (e/ou grupais) relacionados con algún dos temas do programa.</p> <p>? Estudo de casos (computa na avaliación): non se realizará, xa que a avaliacións destes coñecementos se incorpora a metodoloxía dos ?Traballos tutelados?.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <p>? Correo electrónico: Diariamente. De uso para facer consultas, solicitar encontros virtuais para resolver dúbidas e facer o seguimento dos traballos tutelados.</p> <p>? Moodle: Diariamente. Segundo a necesidade do alumnado. Dispoñen de ?foros temáticos asociados aos módulos (sesións)? da materia, para formular as consultas necesarias. Tamén se poderán propoñer ?foros de actividade específica? para desenvolver as ?Discusións dirixidas?, a través das que se pon en práctica o desenvolvemento de contidos teóricos da materia.</p> <p>? Teams: sesións semanais en gran grupo para o avance dos contidos teóricos e dos traballos tutelados na franxa horaria que ten asignada a materia no calendario de aulas da facultade. No seu caso, sesións semanais (segundo o demande o alumnado) en pequeno grupo (ate 6 persoas), para o seguimento e apoio na realización dos ?traballos tutelados?. Esta dinámica permite facer un seguimento normalizado e axustado as necesidades da aprendizaxe do alumnado para desenvolver o traballo da materia.</p> <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>Traballos tutelados (100%): En relación cos traballos tutelados valorarase: a) A adecuación metodolóxica das propostas de traballo. b) A profundidade do contido. c) O dominio das aplicacións utilizadas na elaboración das propostas socioeducativas. d) O tratamento dunha linguaxe propia do contexto disciplinar. e) A utilización de fontes documentais complementarias e actuais. f) A presentación e a claridade da exposición.</p> <p>*Observacións de avaliación:</p> <p>Mantéñense as mesmas que figuran na guía docente, agás que: As referencias ao cómputo da asistencia, que só se realizará respecto das sesión que houbo presencial ate o momento no que se suspendeu a actividade presencial.</p> <p>1. SITUACIÓNS:</p> <p>A) Alumnado con dedicación completa: Asistencia/participación nas actividades de clase mínima do 80%: a) Elaboración e presentación dos traballos tutelados (100%).</p> <p>B) Alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, segundo establece a "NORMA QUE REGULA O RÉXIME DE DEDICACIÓN AO ESTUDO DOS ESTUDANTES DE GRAO NA UDC (Arts. 2.3; 3.b e 4.5) (29/5/212): Asistencia/participación nas actividades de clase mínima do 80%: a) Elaboración e presentación dos traballos tutelados (100%).</p> <p>2. REQUISITOS PARA SUPERAR A MATERIA:</p> <p>a) Asistir e participar regularmente nas actividades da clase.</p> <p>b) Obter unha puntuación do 50% do peso de cada unha das partes obxecto de avaliación (traballos tutelados).</p>
-----------------------------	--



- c) Entregar e expoñer (no seu caso) os traballos tutelados na data que se indique.
- d) A segunda oportunidade estará sometida aos mesmos criterios que a primeira oportunidade.

5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía

Non se realizarán cambios. O alumnado xa dispoñe de todos os materiais de traballo da maneira dixitalizada en Moodle.



Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Contextualización de organizacións empresariais nun escenario global e presidido por tecnoloxías da información e comunicación, onde as economías deben actuar segundo os principios de sustentabilidade e responsabilidade social.	AP1 AP2 AP3 AP4 AP5		
Adquirir os coñecementos e habilidades necesarios para desenvolver unha actividade profesional exitosa no campo da asesoría xurídica empresarial. Aprender a delimitar e identificar con claridade as distintas situacións xurídicas ás que se enfrenta a empresa e determinar o ordenamento xurídico de pertinente aplicación en cada caso. Coñecer a aplicación práctica dos coñecementos xurídicos, en diversos ámbitos multidisciplinares. Coñecer o conxunto normativo aplicable, legislativo e xurisprudencial, e a doutrina aplicables ao mundo da empresa. Identificar, saber interpretar e facer fronte ás diferentes problemáticas xurídico-económicas que afecten á empresa. Coñecer, manexar, elaborar e interpretar os principais documentos de tipo xurídico-económico relacionados co mundo empresarial. Elaborar, comunicar e defender con soltura textos xurídicos, como ditames e informes, memorias ou traballos de investigación.	AP1 AP2 AP3 AP4 AP5	BP1 BP2 BP3 BP4 BP5 BP15 BP16	CP4 CP8
Desenvolver actitudes proactivas na resolución de problemas xurídico-empresariais, conformes ás prácticas deontolóxicas. Saber coordinar e dirixir grupos de traballo. Desenvolver habilidades para redactar, presentar e defender informes conforme ás distintas áreas do dereito relacionadas coa empresa. Desenvolver capacidades de alto nivel para a práctica profesional independente ou como profesional dentro dunha organización empresarial		BP1 BP2 BP3 BP4 BP5 BP7 BP8 BP15 BP16 BP17	CP3 CP4 CP5 CP6 CP8
Fomentar a actitude crítica e transmitir os valores do esforzo, do traballo, da formación continua, así coma do respecto á diversidade, facendo fincapé na importancia, por exemplo, da igualdade de xénero e no coidado da linguaxe.		BP7 BP8 BP10 BP14	CP4 CP5 CP7

Contidos	
Temas	Subtemas
A EMPRESA NA REDE	Ámbitos xerais de regulación da red: web 2.0 Dereitos fundamentais en Internet Reglamento xeral de protección de dato
A ASESORÍA EMPRESARIAL/COMPLIANCE LEGAL	Saídas profesionais da abogacía na empresa Compliance y funcións do compliance officer
RESPONSABILIDADE SOCIAL (RS) DA EMPRESA	¿Qué é unha empresa socialmente responsable? O universo normativo en materia de RS
PROPIEDAD INTELECTUAL. REXISTRO DUNHA MARCA	A protección da propiedade intelectual no ámbito da empresa. A importancia do rexistro dunha marca
IMPUGNACIÓN DE ACTOS TRIBUTARIOS	Vías de recurso dos actos administrativos de carácter tributario: aspectos procedimentais/procesuais
A CONTRATACIÓN DE PERSONAL	O contrato e precontrato de traballo: pactos típicos e modalidades Os límites á liberdade empresarial de elección de traballadores A relación laboral e a protección do traballador



BLANQUEO DE CAPITAIS E CUMPRIMENTO NORMATIVO	Cumprimento normativo: conceptos xerais Marco de prevención de risco penal en personas xurídicas. PBC/FT: concepto, marco legal e evolución Principais obrigas externas e internas dos suxeitos obrigados
INTELIXENCIA CORPORATIVA	Análise e marco xurídico da función de intelixencia aplicada á empresa Enfoque de cooperación público-privada Implicacións potenciais no campo da Seguridade Nacional Económica

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Estudo de casos	A2 A4 B1 B2 B3 B4 B5 B7 B8 B10 B14 B15 B17 C3 C7	12	55	67
Lecturas	A1 A3 A4 A5 C4 C5 C6 C8	0	40	40
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A4 A5 B3 B16	40	0	40
Atención personalizada		3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos	Examinase a xurisprudencia de actualidade e interese. O profesor suscita problemas xurídicos e o alumnado busca solucións xurídicas razoadas individualmente e/ ou en grupo.
Lecturas	O profesor recomenda lectura de libros e artigos económicos e xurídicos relevantes.
Sesión maxistral	Clase na que o protagonismo recae sobre a intervención do profesor. Destacados profesores ou profesionais expoñen temas de actualidade ou importancia.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos	Os profesores están a disposición dos alumnos no horario de titorías para asesoralos na preparación das diversas actividades e resolverlles dúbidas.
Lecturas	
Sesión maxistral	

Tanto a coordinación do mestrado como do módulo resolverán as dúbidas ou problemas que puntualmente poidan presentarse ao alumnado.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Estudo de casos	A2 A4 B1 B2 B3 B4 B5 B7 B8 B10 B14 B15 B17 C3 C7	Actividades de avaliación que serán propostas aos alumnos sempre acompañadas do material preciso para realizalas así como da data límite para a súa entrega.	80
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A4 A5 B3 B16	Rexistro da asistencia activa ás sesións presenciais. No caso de non haber docencia, a proba práctica computará o 100% da avaliación.	20

Observacións avaliación



Os alumnos serán avaliados polo traballo que realicen ao longo do curso, cun sistema de avaliación continua. Cada alumno adquire o compromiso de participar activa e satisfactoriamente nas actividades obrigatorias, que son as seguintes:

- 1) A asistencia ás clases presenciais e realizar as actividades en Moodle. Os alumnos deberán xustificar as ausencias. En calquera caso, non se admitirá unha ausencia superior ao 20% das clases presenciais. O criterio de avaliación denominado "sesión maxistral" enténdese como rexistro da asistencia activa ás sesións presenciais.
- 2) A realización das actividades encomendadas polos profesores das materias na aula.
- 3) A realización das actividades non presenciais requeridas aos alumnos polo profesorado do mestrado, que serán avaliadas sempre que se entreguen dentro do prazo sinalado para a realización das mesmas.
- 4) Os alumnos poderán participar activamente nas actividades complementarias que se ofrecen ao longo do curso. Entre estas actividades, atópase a realización de seminarios que poderán realizarse fora do horario das clases presenciais. A asistencia será valorada positivamente. Poderá reservarse unha porcentaxe da nota final para avaliar as diversas actividades complementarias que teña realizado cada alumno.

Calificación final: Para a superación da materia, os alumnos deben alcanzar a calificación de 5 ou superior.

Calificación de non presentado: Corresponde ao alumno, cuando soamente participe de actividades de avaliación que teñan unha ponderación inferior ao 20% sobre a calificación final, con independencia da calificación acadada.

Avaliación en primeira oportunidade

Ao tratarse dun Mestrado semipresencial, para poder ser avaliado haberá que cumprir con unha asistencia mínima do 80% ás clases (máximo un 20% de ausencias non xustificadas). En caso de non cumprirse ese mínimo, non cabe a posibilidade de ser avaliado e, en consecuencia, na primeira oportunidade aparecerá un "non presentado". Tales estudantes haberán de ser avaliados en segunda oportunidade. A mera asistencia a clase non será en ningún caso obxecto de avaliación, nin en primeira nin en segunda oportunidade.

Avaliación en segunda oportunidade

A avaliación en segunda oportunidade diferénciase de acordo coas seguintes circunstancias:

- aos alumnos/as que non alcanzaron o 80% de asistencia se lles propoñerán actividades de avaliación que lles permitan acadar o 100% da calificación final

- aos alumnos/as que suspenderan as actividades de avaliación se lles manterán os mesmos criterios de avaliación que na primeira oportunidade.

Alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia: Os criterios de avaliación no esixirán o requisito de asistencia mínima d 80% ás clases, nin na primeira nin na segunda oportunidade. A avaliación consistirá nun traballo tutelado, que terá un valor do 100% tanto en primeira oportunidade como en segunda oportunidade ou, no seu caso, actividades de avaliación que lles permitan acadar o 100% da calificación final.

Fontes de información

Bibliografía básica

- Garcia del Junco, Julio (2018). Manual práctico de responsabilidad social corporativa : Gestión, diagnóstico e impacto en la empresa. Madrid: Pirámide
 - Gil Sánchez, Guacimara (2018). Responsabilidad social corporativa: revisión crítica de una noción empresarial. Madrid: CIS
 - Bazán Cea, Clara (2016). Guía para la integración de la responsabilidad social corporativa. Barcelona : Bosch Wolters Kluwer
 - Rincón Cárdenas, Erick (2020). Derecho del comercio electrónico y de internet. Valencia: Tirant Lo Blanch
 - Berrocal Lanzarot, Ana Isabel (2019). Estudio jurídico-crítico sobre la Ley Orgánica 3/2018, de 5 de diciembre, de Protección de Datos Personales y Garantía de los Derechos Digitales : (análisis conjunto del Reglamento (UE) 2016/679 . Madrid: Reus
- Utilizaranse sempre as fontes máis recentes e as últimas edicións dos manuais recomendados polos profesores As recomendacións bibliográficas a seguir son as indicadas puntualmente por cada profesor da materia (módulo)

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente



Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións
Toda a información e a comunicación co alumnado serán realizadas a través da plataforma Moodle.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías